

ACTA NUMERO UN CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 20 DE XANEIRO DE 2000.

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as once horas e cinco minutos do día vinte de xaneiro de dous mil reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D. Raimundo González Carballo**, **D. Xosé Luis Bará Torres**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D^a María dos Anxos Riveiro Portela**, **D^a María Carmen da Silva Méndez**, **D. Xosé Luis Veiga Lage**, **D. Manuel Xesús Fontán Bouzas**, **D. Juan Luis Pedrosa Fernández**, **D^a María Josefa Manzanares Perela**, **D. José Benito Suárez Costa**, **D. Francisco Arturo Pichel Márquez**, **D. Gerardo Zugasti Enrique**, **D. Enrique de la Peña Vieitez**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. Celestino Lores Rosal**, **D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla**, **D. Guillermo Antonio Meijón Couselo** y **D^a María Dolores Elvira de Ozámiz Lestón**, non asistindo **D^a María Salomé Alvarez Blanco**, **D. Manuel Abeledo López**, **D. Juan Enrique Magdalena Chan**, **D^a María Teresa Casal García** e **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, estando presente o Sr. Interventora, **D. Manuel Loureiro Blanco**, actuando como Secretario **D. Julio Dapena Outomuro**, que dá fe do acto.

El Iltmo. Sr. Alcalde declara aberta a sesión.

ORDEN DEL DÍA

ÚNICO.- HONORES E DISTINCIÓNS: CONCESIÓN DO PREMIO CIDADE DE PONTEVEDRA NAS SÚAS DÚAS MODALIDADES: A) PERSOA FÍSICA. B) PERSOA XURÍDICA, ASOCIACIÓN OU COLECTIVO.

Dáse conta da acta da sesión do Xurado Cualificador dos "Premios Cidade de Pontevedra 99", que tivo lugar o día 10 de xaneiro de 2000, do teor literal seguinte:

Na Sala de Comisións do Excmo. Concello de Pontevedra, sendo as trece horas do día 10 de xaneiro do dous mil, reúnese en sesión o Xurado Cualificador dos premios "Cidade de Pontevedra 99", baixo a presidencia do Tenente de Alcalde-Delegado de Política Social e promoción do Benestar, don Xosé Luis Bará Torres, asistindo os seguintes membros previamente citados Dona Anxos Riveiro Portela, Dona Salomé Alvarez Blanco, Don Enrique Magdalena Chan, Dona María Manzanares Perela, Don Celestino Lores Rosal, Dona María Teresa Casal García e Dona María Dolores de Ozámiz Lestón, como membros da Corporación Municipal, e Don José Luis Adrio Poza Director do Diario de Pontevedra, Don Carlos Valle Pérez Director do Museo de Pontevedra e Don Manuel González Vázquez Presidente da Asociación de Veciños "Eduardo Pondal", actuando como Secretaria ós efectos de levantar Acta, a Xefa dos Servicios de Política Social e Promoción do Benestar Dona Camila Criado Fariña.

A Presidencia abre a sesión, tratándose o seguinte Orde do

día:

ÚNICO: PREMIOS "CIDADE DE PONTEVEDRA 99".

Polo Presidente, dáse lectura ás propostas presentadas a través do Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo regulamentario, das que se entrega ós membros do Xurado Cualificador completa información e que son as seguintes:

A) No apartado de persoas físicas:

1.- DON CÉSAR PORTELA FERNÁNDEZ-JARDÓN, arquitecto pontevedrés, pola súa brillante traxectoria profesional recoñecida a nivel internacional, pola súa defensa dos valores histórico-artísticos e arquitectónicos do centro histórico de Pontevedra, e por ter acadado no ano 1999 o Premio Nacional de Arquitectura.

A proposta faise polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e pola Área Comercial da Zona Monumental.

B) No apartado de persoas xurídicas, asociacións, entidades ou colectivos:

1.- O AULA "CASTELAO DE FILOSOFÍA", por converter a Pontevedra, dende fai dezasete anos coa súa Semana de Filosofía, nunha cita obrigada no ámbito da reflexión e a análise filosófica, traendo como participantes ós máis importantes pensadores, investigadores, intelectuais e escritores do noso tempo.

A proposta faise polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

2.- A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO PORTUGUÉS A SANTIAGO, pola súa labor de recuperación da ruta xacobeá coñecida como "Camiño portugués", que ten en Pontevedra un lugar de paso primordial da ruta que transcorre dente terras lusas ata Santiago de Compostela.

A proposta da Área Comercial da Zona Monumental.

3.- O ATENEO DE PONTEVEDRA, pola labor que desenvolve esta Sociedade dende fai 30 anos, como foro plural e de contraste das diferentes perspectivas humanistas, culturais e sociais do mundo actual.

A proposta de diversos cidadáns, que asinan a mesma.

4.- O COLECTIVO UNIDOS POR LA LIBERTAD, pola súa defensa dende a súa constitución no ano 97, da paz e a liberdade neste país ó marxe das ideas e os criterios políticos.

A proposta de: O Sindicato Unificado de Policía, o Club de Leóns de Pontevedra, o Sindicato Comisións Obreiras, Novas Xeracións de Pontevedra, Esquerda Unida e Confederación de Sindicatos Independentes e Sindical de Funcionarios.

5.- O CORO "ULTREIA" DE PONTEVEDRA, pola súa labor de recuperación musical, que tivo no Ano Xacobeo 99 especial relevancia coa gravación do disco "IACOBUS", coa música contida no Códex Calixtinus.

A proposta de: O Ateneo de Pontevedra, a Emisora Cope-Pontevedra, o Convento de Franciscanos de Pontevedra, o Monasterio Mercedario de Poio, a Sociedade Filarmónica de Pontevedra, o Liceo Casino, o Casino Mercantil e Industrial e a Televisión de Pontevedra, S.A.

A continuación a Presidencia abre un turno de intervencións, para que os membros do Xurado Cualificador dos Premios

"Cidade de Pontevedra 99", interveñan en relación coas candidaturas propostas en ambas modalidades, manifestándose neste senso en primeiro lugar o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, para sinalar que é importante crear ó formular candidatos, un clima de consenso propicio ás designacións por unanimidade, se ben nesta rolda de intervencións o Presidente polo seu grupo apoia as candidaturas de: DON CÉSAR PORTELA FERNÁNDEZ-JARDÓN e do AULA "CASTELAO" DE FILOSOFÍA.

Polo Grupo municipal do PS de G-PSOE, toma la palabra Dona Teresa Casal García para agradecer as verbas do Presidente en relación coa necesidade efectiva dun consenso na adxudicación dos galardóns, coa que están totalmente de acordo, sinalando como candidaturas do seu Grupo, as de DON XOSÉ HERMIDA e do CORO ULTREIA.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, intervén Don Celestino Lores Rosal, que propón a DON XOSÉ HERMIDA e ós "AMIGOS DO CAMIÑO PORTUGUÉS A SANTIAGO, estando aberto ó consenso máis amplo.

Polos medios de comunicación, o seu representante Don José Luis Adrio Poza, Director do "Diario de Pontevedra", sinala os méritos sobrados dos propostos, se ben decántase por DON CÉSAR PORTELA FERNÁNDEZ-JARDÓN e o CORO ULTREIA.

A continuación Don Carlos Valle Pérez, Director do Museo de Pontevedra, formula as súas propostas que van dirixidas a DON CÉSAR PORTELA FERNÁNDEZ-JARDÓN e o CORO ULTREIA, se ben non quere deixar de sinalar o seu recoñecemento para DON XOSÉ HERMIDA, home pioneiro na radiofonía galega que conta cunha traxectoria de 75 anos no mundo das ondas, e para a ASOCIACIÓN DOS AMIGOS DO CAMIÑO PORTUGUÉS A SANTIAGO e a súa labor de conquerilo popularizar esta ruta de peregrinación que atravesa Pontevedra.

O representante das Asociación Veciñais don Manuel González Vázquez, Presidente da Asociación "Eduardo Pondal", propón a DON CÉSAR PORTELA FERNÁNDEZ-JARDÓN e o CORO ULTREIA.

Intervén don Celestino Lores Rosal, do grupo municipal do Partido Popular, para agradece-las loubanzas do Sr. Director do Museo de Pontevedra, en relación coa Asociación dos Amigos do Camiño Portugués a Santiago.

Á vista das candidaturas propostas e dos apoios manifestados, o Presidente, recollendo o desexo do tódolos membros do Xurado Cualificador, de conquerir unha designación de candidatos a ser posible unánime, somete a votación as mesmas:

Por unanimidade os membros do Xurado Cualificador dos Premios "Cidade de Pontevedra 99", acordan propoñer como candidatos nas modalidades de persoa física e de entidade polos méritos que reúnen:

PERSOA FÍSICA:

A DON CÉSAR PORTELA FERNÁNDEZ-JARDÓN, pola súa brillante traxectoria como arquitecto, pola súa permanente defensa da identidade galega e pola súa contribución á promoción dos valores históricos, artísticos e culturais de Pontevedra.

PERSOA XURÍDICA:

Ao CORO ULTREIA, polo seu labor de 15 anos de investiga-

ción e divulgación sobre o canto litúrxico gregoriano, brillantemente culminado no ano 1999 coa gravación íntegra da música do Códex Calixtinus, no seu disco "Iacobus".

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Otorga-lo premio Cidade de Pontevedra, na súa modalidade de persoa físicas, a DON CÉSAR PORTELA FERNÁNDEZ-JARDÓN, pola súa brillante traxectoria como Arquitecto, pola súa permanente defensa da identidade galega e pola súa contribución á promoción dos valores históricos, artísticos e culturais de Pontevedra.

SEGUNDO.- Otorga-lo premio Cidade de Pontevedra, na súa modalidade de persoa xurídica, ao CORO ULTREIA, polo seu labor de quince anos de investigación e divulgación sobre o canto litúrxico gregoriano, brillantemente culminado no ano 1999 coa gravación íntegra da música do Códex Calixtinus, no seu disco "Iacobus".

E non sendo outro o obxecto desta sesión extraordinaria, polo señor Alcalde remátase a sesión ás once horas e dez minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e praxe.
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO XERAL,

Fdo. Miguel Anxo Fernández Lores. Fdo. Julio Dapena Outomuro.